



## Ollos abertos

### Ter unha nai

Todos temos unha nai. Deus queira que todos nos decatemos do don tan fermoso que supón ter unha nai.



#### ■ O que máis che gusta de túa nai

Nun colexio preguntáronlles a nenos e nenas de once anos : “¿Que é o que máis che gusta de túa nai?” Estas son algunhas das respostas que deron:

- 1 O gran amor que me tén e os sacrificios que fai por min.
- 2 Faime todo, eu non teño que preocuparme por nada: ela dáme inmediatamente canto necesito.
- 3 A confianza que me dá para contarlle todo o que me pasa.
- 4 Dáme diñeiro e déixame facer todo o que quero; nunca me prohíbe nada.
- 5 A educación que me dá: os bos consellos e correccións que continuamente me aporta.
- 6 O que me exige: se non fose así pouco estudaría, non me esforzaría nada e estaría moi mal acostumado.
- 7 Que endexamais me ameaza, nin me reñe nin me castiga, aínda que faga o que sexa.

▶ Le esas respostas e elixe:

	Respostas número
¿Con cales estás máis de acordo?	
¿Con cales non estás de acordo?	
¿Cales delas darías ti?	

▶ ¿Que máis dirías ti de túa nai?



## Mirada penetrante

### A nosa nai

A nai é moi importante para nós, porque é moito o que nos aporta para a vida.

#### ■ Miña nai en cinco palabras

Unha nena do colexio de que falamos describía así a súa nai, con cinco palabras:


■ ¿Cal destas cinco calidades da nai valoro eu máis?



## Oídos atentos

### María, Nai de Deus e nosa Nai

María é a Nai de Xesús. Para nós tamén é unha nai agarimosa, unha amiga fiel e sobre todo, verdadeiro modelo de vida cristiá.

■ 1 ■

Dende sempre Deus Pai pensou nela para ser a Nai de Xesús, o Fillo de Deus enviado ao mundo.

■ 2 ■

#### ■ 3 ■ **María: a crente modelo de vida**

*(María) é proclamada coma tipo e modelo perfecto na fe, na esperanza e na caridade. (LG 53)*

Fe	Esperanza	Caridade

■ 4 ■

Con Cristo xéranos na vida nova que El alcanzou para nós coa súa morte e resurrección.

*(María) cooperou de forma enteiramente única á obra do Salvador... coa fin de restaurar a vida sobrenatural das almas. (LG 61)*

■ 5 ■

Unha vez recibida nos ceos, non deixou o seu oficio salvador, senón que continúa alcanzándonos pola súa múltiple intercesión os dons da eterna salvación... Por iso, a Santísima Virxe é invocada na Igrexa cos títulos de Avogada, Auxiliadora, Socorro, Mediadora. (LG 62)



■ Todos eles (os Once) adicábanse conxuntamente á oración, coas mulleres e máis María, a nai de Xesús, e cos irmáns. (Feit 1,14)

A Virxe foi elixida por Deus para \_\_\_\_\_

Naceu santa e limpa de \_\_\_\_\_

Foi sempre obediente a \_\_\_\_\_

Creu que \_\_\_\_\_

Sempre estivo atenta a \_\_\_\_\_

É nosa Nai porque \_\_\_\_\_



## Memoria esperta

### María, modelo a quen imitar

A Igrexa tenlle un gran cariño á Virxe María; séntese a súa filla e quere transmitir a todos ese afecto por ela. Por iso desexa darnos a coñecer as maravillas que Deus obrou nela e preséntanola coma modelo a quen debemos imitar.

■ ¿É María Nai de Deus?

■ ¿Cal ha de ser a nosa actitude ante María?

■ ¿Por que dicimos que María é a nosa nai?

■ ¿Coma colaborou María na obra redentora de Xesús?

## Coloca as respostas no lugar que corresponda:

- Acudimos a ela para que nos acompañe por sermos o seu pobo
- María compartiu toda a vida do seu Fillo Xesús colaborando na nosa salvación
  - María é Nai de todos e colabora no noso medrar
  - Agradecemos as marabillas da vida de María
- María é Nai de Deus porque é a Nai de Xesús, o Fillo de Deus
  - A María confiámoslle as nosas peticións



### Mans activas

#### A devoción a María

En todos os pobos e parroquias os cristiáns aclaman a María con moitos nomes (Virxe do Carme, do Rosario, do Perpetuo Socorro...) e levantan numerosos santuarios (Lourdes, Fátima, Pilar...).

#### ■ Actitudes ante María

	■	
	■	
	■	
	■	
	■	
	■	
	■	

Coloca nos tres cadrados grandes estas tres actitudes para con María:

- Amala
- Felicitala
- Imitala

▶ Multitudes de persoas acoden aos santuarios marianos para gabar a María e manifestarlle o seu cariño.

- ¿Que santuarios marianos coñeces?
- ¿Que fai a xente neses santuarios?

▶ A verdadeira devoción a María procede da fe auténtica.

- ¿Que podo facer para gabar, amar e imitar máis a María?